




O USO DO CHUPETE

O chupete é unha ferramenta que serve como apoio para as crianzas a nivel emocional e regulador pero o debate sobre o seu uso é aínda motivo de controversia. Por isto, é importante que os profesionais da saúde informen sobre os riscos e os beneficios que conleva o seu uso.

Segundo apunta a Organización Mundial da Saúde (OMS), **é recomendable limitar o seu uso como máximo ata os 12 meses de idade.**

Beneficios

- É unha ferramenta de carácter analxésico, alivio e calma durante procesos dolorosos ou cólicos.
- Axuda a conciliar o sono.
- Axuda a reducir o risco de sufrir síndrome de morte súbita do lactante (SMSL).



Riscos

- O chupete pode favorecer o paso de bacterias da nariz e a gorxa ao oído aumentando o risco de otite.
- Se o uso se estende mais do debido pode afectar a súa imaxe (autoconcepto).
- Problemas dentais derivados do uso prolongado do chupete: maloclusión (mordida aberta ou cruzada), dentes mal aliñados ou a imposibilidade da colocación correcta da lingua en repouso no padal.

Considérase importante ter claro como e cando se vai levar a cabo a retirada do chupete xa que é necesario ter en conta:

- Como imos preparar á crianza de cara a chegada dese momento.
- O momento de retirada non debe coincidir con outros acontecementos importantes como o inicio da escola infantil ou o nacemento dun/ha irmá/n.
- Teremos que mostrarlle de forma moi visual e facilitando a comprensión que se vai retirar o chupete (meter xuntos todos os chupetes nunha caixa, uso da fada dos chupetes...)
- Identificar os elementos que poden axudar á crianza a regularse.